

## O Reinado da Casa de Habsburgo en España 1516-1700

### Carlos I, 1516-1556

Carlos de Gante<sup>1</sup>, fillo de Felipe o Fermoso e de Juana A tola foi proclamado Rei de España en 1516, logo do falecemento de Fernando O Católico, viúvo de Isabel, e logo de declarar incapaz para o trono á súa nai Juana, viúva de Felipe o Fermoso.

Carlos de Gante, que sería Rei de España co nome de Carlos I e Emperador do Sacro Imperio co nome de Carlos V tiña baixo o seu poder un formidable Imperio, herdado dos seus avós<sup>2</sup>

<b>Fernando de Aragón</b>	<b>Isabel de Castela</b>	<b>Maximiliano de Habsburgo</b>	<b>Maria de Borgoña</b>
Coroa de Aragón	Coroa de Castela	Austria	Borgoña
Cerdeña	Navarra	Lombardía	Franco Condado
Napoles	Illas Canarias	Milanesado	Flandes
Sicilia	Prazas Africanas	Sacro Imperio	Artois
			Paises Bajos
			Luxemburgo

O principal problema que se lle presentaba a Carlos I era precisamente a heteroxeneidade e a dispersión dos seus territorios, polo que o seu programa político tiña dous obxectivos fundamentais, a **unidade relixiosa** e a **monarquía universal**.

Carlos chega a España en **1517**, con unha corte extranxeira encabezada por **Adriano de Utrecht**, feito que dificultou a aceptación polas cortes Castelás.

En 1519 foi chamado a **Aquisgran**, para ser coroado Emperador. A súa ausencia foi aproveitada para perpetrar dúas revoltas.

**A Guerra das Comunidades:** Iniciada por cidades e vilas castelás, que se oponían á chegada de **funcionarios estrranxeiros** e o **aumento de impostos** para facer fronte os gastos Imperiais. A revolta estivo encabezada por **Padilla, Bravo e Maldonado** que, finalmente foron derrotados e executados na batalla de **Villalar** en **1521**.

**A revolta das Xermanías:** Ocurriu de forma paralela ó conflito comuneiro. Foi unha pugna entre a burguesía urbana e a nobreza polo control das cidades de Reguengo en Valencia. A revolta foi sufocada en 1522, pero custoulle a vida a decenas de miles de mouriscos, que foron acusados de servir á nobreza polo rebeldes.

Ainda que o intentou, Carlos I fracasaría nos seus obxectivos. En primeiro lugar nunca estableceu unha capital para a súa monarquía, senón que tivo unha **Corte Itinerante**.

<sup>1</sup> Chamado así polo lugar do seu nacemento. Ten a honra de ser o único monarca que naceu nun retrete.

<sup>2</sup> O seu pai morreu en 1515, e a súa nai foi declarada incapaz, polo que o poder lle pasou directamente dende Fernando de Aragón e de Maximiliano de Habsburgo, con unha breve rexencia do seu titor, o cardeal Adriano de Utrecht.